

CONDICIÓNS XERAIS DO CONTRATO DE ASISTENCIA EN VIAXE SUBSCRITO ENTRE VUELING AIRLINES, S.A. E EUROP ASSISTANCE ESPAÑA, S.A. DE SEGUROS Y REASEGUROS

Seguro Opcional Asistencia Mascotas

1.- DEFINICIÓNS

ACCIDENTE

As lesións corporais ou os danos materiais sufridos durante a vixencia do contrato e derivados dunha causa violenta, súbita, externa e allea á intencionalidade da mascota asegurada.

ASEGURADO

Persoa física con domicilio habitual en calquera país europeo ou ribeirán do Mediterráneo, que viaxe coa súa mascota nun voo comprado con **VUELING AIRLINES, S.A.**, contrate este seguro opcionalmente e que sexa comunicada a **EUROP ASSISTANCE**.

ASEGURADOR

EUROP ASSISTANCE ESPAÑA, S.A. DE SEGUROS Y REASEGUROS (en adiante, **EUROP ASSISTANCE**), que asume o risco definido no presente contrato.

DOMICILIO HABITUAL

Enténdese por domicilio habitual do Asegurado o localizado en calquera país europeo ou ribeirán do Mediterráneo desde onde comezara o voo comprado con **VUELING AIRLINES, S.A.**, e que se faga constar na contratación do mesmo. En caso de que sexa necesario o desprazamento dunha persoa para acompañar á mascota, en aplicación das garantías previstas no presente Contrato, dito desprazamento realizarase desde o país de Domicilio Habitual segundo se define no presente apartado.

ENFERMIDADE GRAVE

Toda alteración sobrevida do estado de saúde da Mascota Asegurada que imposibilite o inicio da Viaxe, impida a súa continuación na data prevista ou comporte risco de morte.

ENFERMIDADE SOBREVIDA

A alteración do estado de saúde da Mascota Asegurada sobrevida durante o transcurso dunha Viaxe cuberta polo contrato cuxo diagnóstico e confirmación sexan efectuados por un veterinario legalmente recoñecido, e que fagan precisa a asistencia facultativa.

EXTRANXEIRO

Enténdese por estranxeiro a efectos das garantías, o país distinto ao do Domicilio Habitual, segundo as definicións, e/ou nacionalidade do Asegurado que este fixera constar no momento da compra do voo.

MASCOTA ASEGURADA

Só terán consideración de Mascota Asegurada, e serán obxecto do presente contrato, os cans e gatos propiedade do Asegurado que teñan chip identificador. Para aquelas Comunidades Autónomas nas que o chip identificador non sexa obrigatorio para os gatos, o Asegurado deberá aportar o documento identificativo que acredite a propiedade da mascota. Do mesmo xeito, terán

consideración de Mascota Asegurada, aves (salvo aves de rapina), peixes e tartarugas de acuario.

Exclúense outras familias de animais como roedores, mamíferos lagomorfos (por exemplo, coellos), animais de granxa ou animais que desprendan olores (furóns) ou ruídos molestos.

ONE-WAY

Viaxe só de ida.

TOMADOR DO SEGURO

A persoa física ou xurídica que xunto co Asegurador subscribe este contrato e á que corresponden as obrigacións derivadas do mesmo, agás as que pola súa natureza deban ser cumpridas polo Asegurado.

VIAXE

Entenderase por viaxe todo desprazamento que o Asegurado realice fora do seu Domicilio Habitual, por medio dun voo comprado con **VUELING AIRLINES, S.A.**, desde a saída deste ata o seu regreso ao mesmo.

2. OBXECTO DO CONTRATO

Garantir contra as consecuencias de aqueles riscos cuxas coberturas se especifican no presente contrato e que se produzan como consecuencia dun evento fortuíto **no transcurso dunha Viaxe** fora do Domicilio Habitual, dentro do Ámbito Territorial cuberto e cos límites sinalados no mesmo. As garantías do contrato deixarán de surtir efecto unha vez finalizada a Viaxe e tralo regreso do Asegurado ao seu Domicilio Habitual.

3. ÁMBITO TERRITORIAL

As garantías prestaranse nos países incluídos no billete de avión comprado con **VUELING AIRLINES, S.A.**

Nos casos de One way só se prestará asistencia no lugar de destino do billete comprado con **VUELING AIRLINES, S.A.**

Quedan excluídos, en todo caso, aqueles países que aínda que aparezan reflectidos no ámbito territorial contratado se atopen durante o desprazamento en estado de guerra, insurrección ou conflitos bélicos de calquera clase ou natureza, mesmo cando non se teñan declarado en tal estado oficialmente. Neste caso, **EUROP ASSISTANCE** reembolsará os gastos cubertos e debidamente xustificadas mediante a factura orixinal acreditativa.

4. DURACIÓN DA VIAXE

As garantías prestaranse para Viaxes de ida e volta cuxa duración non sexa superior a 30 días naturais desde o inicio da viaxe.

Nos casos de viaxes One way a **cobertura terá unha duración máxima de 15 días desde a data de inicio da viaxe.**

5. FRANQUÍA QUILOMÉTRICA

A asistencia será válida a partir de 35 km. do Domicilio Habitual do Asegurado (15 km. Para as illas).

6. TRÁMITES EN CASO DE SINISTRO

Se acontecera un feito que puidera dar lugar á prestación de algunha das garantías cubertas no contrato, será requisito indispensable a comunicación inmediata do sinistro, a través dunha chamada ao teléfono 34.91.514.00.10, do envío dun fax ao nº 91.514.99.50 ou por outro medio que deixe constancia da comunicación do devandito sinistro, quedando expresamente excluídas con carácter xeral aquelas prestacións que non se comunicaran previamente a EUROP ASSISTANCE e aquelas para as que non se obtivera a correspondente autorización.

En caso de forza maior que impida dar aviso, este deberá darse en canto cese a causa que o impida.

Unha vez establecido o contacto, o asegurado indicará: **Número de localizador, nome e apelidos, lugar onde se atopa e teléfono de contacto** e informará das circunstancias do sinistro e do tipo de asistencia solicitada.

Unha vez recibida a notificación, **EUROP ASSISTANCE** dará as instrucións pertinentes co obxecto de que se preste o servizo requirido. Se o asegurado actuara de forma contraria ás instrucións impartidas por **EUROP ASSISTANCE**, correrán pola súa conta os gastos nos que incorra polo devandito incumprimento.

En caso de Anulación da viaxe, o Asegurado deberá comunicarllo previamente ao proveedor da mesma para facer efectiva a cancelación.

Para o reembolso de calquera gasto poderá dirixirse a vueling.europ.es onde poderá acceder a “Tramitacións en liña” para crear a súa propia solicitude de reembolso e facer o seguimento do trámite, ou ao apartado de correos 36046 (28020 Madrid). En tódolos casos será indispensable a presentación de facturas e xustificantes orixinais.

7. TRÁMITES EN CASO DE QUEIXA POR PARTE DO ASEGURADO

EUROP ASSISTANCE pon a disposición dos Asegurados un Servizo de Reclamacións cuxo Regulamento se pode consultar na páxina web www.europ-assistance.es. Poderán presentar queixas os tomadores, asegurados, beneficiarios, terceiros prexudicados ou causahabentes de calquera dos anteriores, no apartado de “Defensa do Cliente” da web, ou dirixíndose por escrito ao Servizo de Reclamacións:

Enderezo: Servicio de Reclamaciones
Cl. Orense, 4 – Planta 14
28020- MADRID

Dito Servizo, que funciona de xeito autónomo, atenderá e resolverá nun prazo máximo de 2 meses as queixas escritas que lle sexan directamente dirixidas,

cumprindo así coa Lei ECO/734/2004 de 11 de marzo e a Lei 44/2002 de 22 de novembro.

Se se esgotara a vía do Servizo de Reclamacións, o reclamante poderá formular a súa queixa ante o Comisionado para a Defensa do Asegurado e do Partícipe en Plans de Pensións (adscriito á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións), cuxo enderezo é:

Pº de la Castellana, 44
28046- MADRID

8. SUBROGACIÓN

EUROP ASSISTANCE subrógase ata o total do custo dos servizos prestados por ela, nos dereitos e accións que correspondan ao Asegurado contra toda persoa responsable dos feitos e que teñan motivado a súa intervención. Cando as garantías realizadas en execución do presente Contrato sexan cubertas en todo ou en parte por outra entidade Aseguradora, pola Seguridade Social ou por calquera outra institución ou persoa, **EUROP ASSISTANCE** quedará subrogada nos dereitos e accións do asegurado ante a devandita compañía ou institución.

A estes efectos, o asegurado obrígase a colaborar activamente con **EUROP ASSISTANCE** prestando calquera axuda ou outorgando calquera documento que puidera considerar necesario.

En todo caso, **EUROP ASSISTANCE** terá dereito a utilizar ou solicitar do asegurado a entrega do título de transporte (billete de tren, avión, etc.) detentado por este, cando os gastos de regreso corran pola conta de **EUROP ASSISTANCE**.

9. RESPONSABILIDADE

Se acontecera un sinistro, **EUROP ASSISTANCE** non asumirá ningunha responsabilidade respecto ás decisións e actuacións que adopte o Asegurado, contrarias ás súas instrucións.

10. LEXISLACIÓN E XURISDICIÓN

O Asegurado e **EUROP ASSISTANCE** sométense á lexislación e xurisdición españolas a tódolos efectos do presente contrato. O xuíz competente para o recoñecemento das accións derivadas do contrato será o do Domicilio Habitual do Asegurado.

11. LÍMITES GARANTIDOS

As contías económicas que figuran como límite en cada unha das prestacións deste contrato enténdense como importes máximos acumulables durante a viaxe.

GARANTÍAS CUBERTAS

Considéranse mascotas, e serán obxecto do presente contrato, só cans e gatos que teñan chip identificador e/ou que cumpran cos requisitos establecidos pola lexislación vixente para realizar unha viaxe en avión.

Do mesmo xeito, terán consideración de Mascota Asegurada, aves (salvo aves de rapina), peixes e tartarugas de acuario.

Para o reembolso de calquera gasto será indispensable a presentación de facturas e

xustificantes orixinais, así como a copia da cartilla sanitaria da mascota actualizada en aqueles casos en que sexa obrigatoria.

1.- Gastos Veterinarios no estranxeiro

En caso de enfermidade sobrevida ou accidente no estranxeiro da Mascota Asegurada, no transcurso dunha Viaxe cuberta polo presente contrato, **EUROP ASSISTANCE** reembolsará os custos de tratamento veterinario e hospitalización no centro veterinario que elixa o Asegurado **ata un máximo de 500 euros**.

EN CALQUERA CASO ESTABLÉCESE UNHA FRANQUÍA DE 50 EUROS A CARGO DO ASEGURADO EN TODOS E CADA UN DOS SERVICIOS SANITARIOS REQUERIDOS.

2.- Gastos Veterinarios no país de Domicilio Habitual

En caso de enfermidade sobrevida ou accidente da Mascota Asegurada, no transcurso dunha Viaxe cuberta polo presente contrato, **EUROP ASSISTANCE** reembolsará os custos de tratamento veterinario e hospitalización no centro veterinario que elixa o Asegurado **ata un máximo de 300 euros**.

EN CALQUERA CASO ESTABLÉCESE UNHA FRANQUÍA DE 50 EUROS A CARGO DO ASEGURADO EN TODOS E CADA UN DOS SERVICIOS SANITARIOS REQUERIDOS.

3.- Sacrificio da mascota

En caso de enfermidade sobrevida incurable ou accidente, no transcurso dunha Viaxe cuberta polo presente contrato, que fixera necesario, a xuízo do veterinario, o sacrificio da Mascota Asegurada, **EUROP ASSISTANCE** reembolsará os gastos derivados do sacrificio, enterro ou incineración do animal **ata un límite de 600 euros**.

4.- Falecemento por accidente

En caso de falecemento por accidente da Mascota Asegurada, no transcurso dunha Viaxe cuberta polo presente contrato, **EUROP ASSISTANCE** reembolsará os custos derivados desta circunstancia tales como gastos de veterinario, gastos de traslado e gastos de enterro ou incineración **ata un límite de 600 euros**.

5.- Gastos por busca en caso de perda ou extravío da mascota

En caso de perda ou extravío da Mascota Asegurada, no transcurso dunha Viaxe cuberta polo presente contrato, **EUROP ASSISTANCE** reembolsará os custos de anuncios de prensa e radio para a súa localización **ata un máximo de 300 euros e durante un máximo de 5 días a contar desde a data da desaparición**.

6.- Indemnización por roubo ou extravío da mascota

Cando se produza o roubo ou extravío da Mascota Asegurada, no transcurso dunha Viaxe cuberta polo presente contrato, **EUROP ASSISTANCE** indemnizaralle polo valor do animal **ata un máximo de 600 euros por sinistro**.

7.- Gastos de estancia en residencia de animais ou hotel

EUROP ASSISTANCE reembolsará os custos de residencia para a Mascota Asegurada, cando o Asegurado sexa hospitalizado de urxencia por causa dunha enfermidade ou accidente no transcurso dunha Viaxe cuberta polo presente contrato e non houbera outra persoa para facerse cargo do animal, **ata un límite de 300 euros**.

8.- Acompañamento de mascotas

Se o Asegurado, no transcurso dunha Viaxe cuberta polo presente contrato, atópase na imposibilidade de ocuparse da Mascota Asegurada a causa de enfermidade sobrevida, accidente ou falecemento, **EUROP ASSISTANCE** organizará e tomará ao seu cargo o desprazamento, ida e volta, (en tren primeira clase, avión liña regular clase turista ou calquera outro medio de transporte axeitado) dunha persoa residente no país de Domicilio Habitual do Asegurado, segundo as definicións, designada polo mesmo ou pola súa familia, que se faga cargo do retorno da mascota asegurada ata o Domicilio Habitual. **O Asegurado deberá presentar a documentación xustificativa da propiedade da Mascota Asegurada.**

9.- Gastos de anulación de viaxe non iniciada da mascota

Garántese o reembolso **ata un límite de 300 euros**, polos gastos de **anulación de viaxe da Mascota Asegurada** que se produzan a cargo do Asegurado e que lle sexan facturados por aplicación das Condicións Xerais de venda, segundo a lexislación vixente aplicable e sempre que se anule a viaxe antes da data de inicio da mesma e despois da subscripción do seguro tendo transcorrido polo menos 72 horas entre a contratación da póliza e o feito xerador da cancelación da viaxe e por unha das causas seguintes:

- Enfermidade ou falecemento da Mascota Asegurada.
- Anulación da viaxe do Asegurado por unha das causas seguintes:
 - Causas que afecten directamente ao Asegurado: toda causa demostrable mediante documento xustificativo emitido por un terceiro, sexa Profesional Colexiado, Organismo Público ou empresa Privada, que resulte imprevisible, inevitable e allea á vontade do Asegurado, que non figure comprendida nas Exclusións indicadas a continuación e que imposibilite necesaria e obrigatoriamente a realización da viaxe nas datas contratadas.

A efectos da cobertura do seguro, en relación ao **Asegurado**, enténdese por:

- Enfermidade grave: a alteración sobrevida do estado de saúde dun individuo, constatada por un profesional médico, que obribe ao enfermo a ficar na cama e que lle implique o cese de calquera actividade, profesional ou privada.

- Accidente grave: toda lesión corporal ou dano material derivado dunha causa violenta, súbita, externa e allea á intencionalidade do accidentado, cuxas consecuencias lle impidan o normal desprazamento fóra do domicilio habitual.

Quedan excluídos da cobertura os seguintes feitos:

A) Calquera causa que non sexa demostrada mediante a presentación de documentación que certifique o motivo da anulación.

B) As cantidades que poidan ser indemnizadas ao Asegurado ou Asegurados por un terceiro.

C) Actos do Asegurado:

1. A non presentación por parte dos asegurados de calquera dos documentos indispensables para a viaxe (pasaporte, billetes aéreos, visados, certificados de vacinación, etc.), agás a non concesión de visados por causas inxustificadas sempre e cando o Asegurado realizara as xestións necesarias nos prazos e na forma establecidos para a súa concesión.

2. Os provocados intencionalmente polo asegurado.

3. Os actos dolosos, as autolesións ou o suicidio.

4. Os que teñan a súa orixe nun acto de imprudencia temeraria, negligencia grave ou derivados de actos delituosos.

5. Calquera accidente que se produza estando o asegurado baixo a influencia de bebidas alcohólicas, drogas, narcóticos, psicótropos, estimulantes e outras substancias análogas.

Para a determinación de tal influencia, independentemente do tipo de accidente de que se trate, seguiranse os límites fixados pola lexislación aplicable en materia de circulación de vehículos a motor e seguridade viaria no momento do suceso.

D) Eventos:

1. Guerras declaradas ou non, motíns, actos de terrorismo, efectos da radioactividade, movementos populares, peche de fronteiras e a inobservancia consciente das prohibicións oficiais.

2. Calquera desastre natural, como, por exemplo, algún dos seguintes fenómenos da natureza: terremotos e maremotos, inundacións extraordinarias (incluídos embates de mar), erupcións volcánicas, tempestade ciclónica atípica (incluídos os ventos extraordinarios de refachos superiores a 135 km/h, os tornados, os incendios e as tormentas: Fenómeno meteorolóxico caracterizado por unha forte alteración na atmosfera, con presenza de

raios, tronos, lóstregos, vento e chuvia intensa, neve ou pedrazo).

3. Corentena, agás a Corentena que o Asegurado estea observando seguindo as ordes do facultativo médico que o estea a tratar, epidemias ou polución no país de destino.

4. Cancelación de eventos tais como os deportivos, culturais, sociais ou de ocio e lecer, agás os que cancele o propio organizador do evento, que poidan ser demostrados mediante o correspondente xustificante e sempre e cando a asistencia aos mesmos sexa o motivo principal da viaxe; do mesmo xeito o Asegurador solicitará a documentación que demostre a intención do Asegurado de asistir ao evento, como, por exemplo, entradas, reservas ou inscricións nas que figure a data concreta da celebración.

5. Retirada do servizo (temporal ou non) do medio de transporte debida á recomendación do fabricante ou da autoridade civil ou portuaria.

6. Os que na súa orixe sexan consecuencia de folgas.

7. Os que a súa orixe sexa como consecuencia de fallo ou avaría do medio de transporte (distinto de danos en carreteras ou vías ferroviarias por avalanchas, neve ou inundacións) cando no momento de contratación do seguro ou reserva da viaxe e/ou estancia ou similar se teña coñecemento previo, salvo que se poida demostrar que a consecuencia da avaría ou do fallo do medio de transporte se ocasione a cancelación do voo por ser o medio elixido para chegar ao aeroporto de saída do voo contratado. O Asegurador solicitará a documentación necesaria para demostrar a cancelación por esta causa (parte de guindastre, atestado dos corpos de seguridade ou xustificante da compañía de transporte utilizada para chegar ao aeroporto) na que deberán figurar a data e hora do incidente que ocasionara a cancelación.

8. Insuficiencia de participantes/reservas para a realización da viaxe ou Overbooking.

9. Os motivados por quebra, suspensión de pagos, desaparición ou incumprimento de contrato por parte do provedor do servizo ao que vai vinculado o seguro contratado.

10. A ausencia de improviso ou o simple desexo de non querer viaxar.

E) Situación laboral/financeira

1. Cambio de permisos laborais e/ou de vacacións do asegurado, agás os producidos de forma unilateral por parte da empresa onde estea empregado o asegurado.

2. Cambios nas circunstancias económicas e financeiras do Asegurado agás nos seguintes casos:

- O desemprego de empregados por conta allea que gozaran de máis de seis meses de emprego indefinido e non foran conscientes do seu paso á situación de desemprego cando contrataran a viaxe.
- Incorporación laboral a unha nova empresa sempre e cando dita incorporación se produza con posterioridade á contratación do seguro e sempre que na data de contratación da viaxe non se tivera coñecemento dese feito.
- Prórroga do contrato laboral comunicada con posterioridade á data de contratación da viaxe.
- O traslado forzoso do Asegurado fóra do seu lugar de residencia, por causas laborais, por un período superior a tres meses, a máis de 300 km. do seu domicilio habitual.

F) Enfermidades:

1. Preexistentes: Os derivados de enfermidades crónicas ou preexistentes do Asegurado sempre que non sexan agravacións inesperadas e impidan a realización da viaxe. Enfermidades crónicas ou preexistentes de calquera dos asegurados que, unha vez estabilizadas, sufriran descompensacións ou agudizacións dentro dos 30 días previos á contratación da póliza.

2. A negativa por parte do Asegurado a recibir a visita do perito médico cando a aseguradora determine a necesidade dun perito.

3. Cando o obxecto da viaxe sexa un tratamento estético, unha cura, a falla ou contraindicación de vacinación, a imposibilidade de seguir en certos destinos o tratamento medicinal preventivo aconsellado, a interrupción voluntaria do embarazo, tratamentos por alcoholismo, o consumo de drogas e narcóticos, excepto se os prescribe un médico e son consumidos da forma adecuada.

G. A ausencia de imprevisto ou o simple desexo de non querer viaxar.

- o Causas que non afectan directamente ao Asegurado, establécese que tamén quedarán cubertas as seguintes circunstancias: enfermidade grave, accidente corporal grave ou falecemento de cónxuxe ou parella de feito, pais, fillos, irmáns, avós, netos, sobriños, cuñados, xenros, noras ou sogros. Cando a enfermidade ou o accidente afecten a algunha das persoas citadas distintas do Asegurado, entenderanse como graves se

implican a hospitalización ou comportan risco de morte inminente.

A solicitude de reembolso dos gastos, deberá acompañarse dos oportunos certificados médicos ou de danos, das facturas orixinais do custe da viaxe contratada, do xustificante do pago dos gastos de anulación e do boletín de subscripción ou de reserva ou o billete orixinal, así como a copia da cartilla sanitaria da mascota actualizada.

Non se reembolsarán en ningún caso os cargos por pago con tarxeta de crédito, os impostos, nin o importe do seguro de EUROP ASSISTANCE.

Non quedan cubertos os gastos de anulación da viaxe non iniciada da persoa a cuxo billete vaia asociado o da mascota asegurada.

10.- Servizo de información sobre mascotas en España

A petición do Asegurado, **EUROP ASSISTANCE** facilitará información telefónica de carácter xeral sobre calquera aspecto relacionado coa mascota en España como, por exemplo:

- Centros de acollida para animais de compañía
- Hoteis con admisión de cans e gatos.
- Residencias vacacionais para cans e gatos.
- Documentación necesaria para viaxar con cans e gatos.
- Seguro obrigatorio e rexistro de cans perigosos.
- Clubs de razas e asociacións de criadores.
- Documentación necesaria para obter o pedigree.
- Concursos de beleza e comportamento.
- Cemiterios de mascotas.
- Atención de veterinario
- Servizo de baño e perruquería
- Servizo de atención na defunción
- Estancia en residencia
- Envío de penso e de comida a domicilio

Así como calquera outra consulta relacionada coa tenencia de mascotas en España.

EXCLUSIÓN

As presentes garantías cesarán no momento que a mascota asegurada regrese ao Domicilio Habitual. Quedan excluídos con carácter xeral aqueles gastos que non foran comunicados previamente a **EUROP ASSISTANCE** e aqueles para os que non se obtivera a correspondente autorización.

En calquera caso, quedan excluídos das garantías aseguradas (excepto expresamente incluído na garantía) os danos, as situacións, os gastos e as consecuencias derivados de:

- 1. Enfermidades, lesións ou afeccións preexistentes ou crónicas, padecidas pola mascota asegurado con anterioridade ao inicio da viaxe que se manifesten no transcurso da mesma.**

2. Revisións veterinarias de carácter preventivo (recoñecementos), curas termais, tratamentos estéticos, e aqueles casos nos que a viaxe teña por obxecto recibir tratamento veterinario ou intervención cirúrxica, tratamentos de medicinas alternativas (homeópatas, naturistas, etc.), os gastos derivados de tratamentos fisioterapéuticos e/ou rehabilitadores así como aqueles afíns a estes. Así mesmo, queda excluído o diagnóstico, seguimento e tratamento do embarazo.
3. A participación da mascota asegurada en apostas, desafíos ou altercados.
4. As consecuencias derivadas da práctica de deportes de inverno.
5. A práctica de deportes en competición, así como a práctica de actividades perigosas ou de risco tales como escorregamento en zorras, deportes de aventura, e similares. Nestes casos EUROP ASSISTANCE só intervirá e tomará ao seu cargo os gastos producidos dende o momento no que a mascota asegurada se atope baixo tratamento nun centro veterinario.
6. Rescate de mascotas en montaña, sima, mar, ou deserto.
7. Actos dolosos do Tomador, o Asegurado, ou o causahabente destes.
8. Actos negligentes no coidado da mascota asegurada.
9. Epidemias e/ou enfermidades infecciosas de aparición repentina e propagación rápida na poboación, así como as provocadas pola polución e/ou a contaminación atmosférica.
10. Guerras, manifestacións, insurreccións, movementos tumultuosos populares, actos de terrorismo, sabotaxes e folgas, estean ou non declaradas oficialmente. A transmutación do núcleo do átomo, así como das radiacións provocadas pola aceleración artificial de partículas atómicas. Movementos telúricos, inundacións, erupcións volcánicas e, en xeral, os que procedan do desencadeamento das forzas da natureza. Calquera outro fenómeno de carácter catastrófico extraordinario ou acontecemento que pola súa magnitude ou gravidade sexan cualificados como catástrofe ou calamidade.
11. Queda expresamente excluída calquera causa que motive a cancelación ou anulación do voo contratado e que non estea especificamente descrita como garantía cuberta no artigo correspondente.

Con independencia do antedito, quedan particularmente excluídas as seguintes situacións:

1. A adquisición, implantación-substitución, extracción e/ou reparación de próteses, pezas anatómicas e ortopédicas de calquera tipo, tales como un colar isabelino.
2. O reembolso dos gastos médicos, cirúrxicos e farmacéuticos cuxo importe sexa inferior a 50 euros.